Os recursos xenéticos animais endóxenos caracterízanse pola súa perfecta adaptación ao medio ambiente e aos recursos naturais, polo que garanten a conservación da contorna medioambiental e o desenvolvemento dos ecosistemas naturais. Neste senso, a raza Rubia Gallega supón un recurso xenético de riqueza incalculable dende diversos puntos de vista, tanto económicos como sociais e ambientais.

Sen embargo, analizando as derradeiras décadas do medio rural do agro lucense, atopámonos que o sector gandeiro da provincia de Lugo iniciou durante os últimos anos un proceso de diminución do número de explotacións e diminución dos censos de animais, en particular da raza Rubia Gallega.

Estes descenso son debidos a varias causas:

- a idade media avanzada dos titulares das explotacións, que se xubilan e pechan as explotacións.
- a falta de relevo xeracional, provocado pola ausencia de atractivo do medio rural para a xente nova, baixo acceso a superficies agro-gandeiras, baixa oportunidade de disposición de unha vivenda a baixo custe, escaseza de servizos, etc.
- o ineficaz uso do territorio debido a ausencia de ordenación do mesmo, que implica que terras moi produtivas que inicialmente tiñan un uso agrícola e gandeiro se puideran transformar en outros usos, xerando baixa oferta de terras para dedicar á gandería, impedindo deste modo a ampliación da base territorial das explotacións, e polo tanto, provoca o estancamento do tamaño medio das mesmas.
- ausencia de concentracións parcelarias e elevada división ou fragmentación das mesmas, o que implica unha elevada necesidade de man de obra e pouca calidade á hora de realizar o traballo.
- incremento dos custes de produción: alimentación, maquinaria, gasóleo, etc., que limitan a rendibilidade das explotacións.
- carencia de uns prezos dignos e estables durante todo o ano do produto final (becerros para sacrificio: carne), que contrarresten os custes de produción e proporcionen a viabilidade económica das explotacións
- ausencia de diferenciación económica na certificación racial do produto.
- aumento de competencia na produción con razas foráneas. As razas cárnicas francesas principalmente (limousin, blonde de aquitania, etc.) instaláronse no noso país moi solidamente, o que orixina unha fortísima competencia coas razas autóctonas, en especial coa Rubia Gallega por ser razas con comportamentos produtivos parecidos, que abarcan o mesmo tipo de mercado.
- ausencia de axudas directas aos gandeiros para fomento de razas autóctonas, que contribúan ao incremento da rendibilidade económica da explotación.
- falta de interese na recría de reprodutoras de pura raza RG na propia explotación, propiciado polo elevado custe económico, de tempo e manexo (escaseza de man de obra e elevada idade dos titulares de explotación) que supón para o gandeiro/a a cría de femias para vida.

Todos estes factores contribúen a dificultar a competitividade do sector gandeiro e en particular aos gandeiros e gandeiras da raza Rubia Gallega, que se ven abocados a pechar as explotacións motivado á pouca viabilidade económica de moitas delas.

Este descenso de explotacións e animais da raza Rubia Gallega, maioritaria na provincia de Lugo, trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, limitando a conservación dos ecosistemas naturais e provocando unha modificación da paisaxe rural histórica e polo tanto unha perda cultural; vai ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas gandeiras tradicionais condicionadas polo medio natural

específico; vai unido á proliferación de especies animais e pragas invasoras que experimentan un importante crecemento das súas poboacións chegando a causar danos substanciais nas colleitas; leva consigo a perda de biodiversidade e do material e recursos xenéticos dos animais autóctonos da provincia de Lugo.

Debemos ter en conta que a raza pura Rubia Gallega é o froito da selección durante séculos dos animais mellor adaptados aos recursos naturais da zona, así como dos sistemas de manexo e alimentación tradicionais, condicionados polo medio natural específico. Existen evidencias da influencia de factores xenéticos sobre as características de rusticidade: resistencia ás oscilacións de temperatura, radiacións solares, esixencias de auga, enfermidades, etc. Os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais que se transmiten hereditariamente, que son distintas ás outras poboacións e que son os que van a determinar a diferenciación do produto obtido. En condicións adversas, as razas autóctonas son capaces de obter unha maior produtividade que as razas exóticas e foráneas.

O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para o desenvolvemento sustentable nas áreas rurais, para a fixación da poboación no medio rural, mellorando as súas condicións de vida, incrementando a calidade e a competitividade e o valor engadido dos produtos, así como a conservación dos ecosistemas naturais que doutro xeito se estragarían irremediabilmente.

Unha xestión adecuada dos recursos xenéticos animais e en particular, da raza Rubia Gallega supón a conservación dos mesmos para acadar o desenvolvemento sostible do rural da provincia lucense, en especial, as zonas de montaña, e garantir aos consumidores características diferenciais en canto á orixe, tradición e calidade do produto final, así como a seguridade alimentaria.

En base ao exposto, crease un programa de axudas dirixidas aos criadores da raza bovina pura Rubia Gallega, autóctona de Galicia, principalmente concentrada na provincia de Lugo, que ten por obxecto a cooperación desta Deputación Provincial na promoción económica desta raza autóctona pura, mediante axudas que incentiven a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da mesma, perseguindo a redución de custes de produción asociados a unha maior competitividade no mercado e contribuíndo ao incremento do censo de animais desta raza autóctona mantendo a pureza da mesma.

A Liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo do ano 2017-2019, aposta por ***“acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais”***

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local pon en marcha dentro da acción de fomento para dinamización e potenciación da integridade da raza rubia gallega, nas explotacións lucenses, o eixe 2 sobre: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Bases da subvención

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva dentro da acción de fomento eixe 2 sobre a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, destinadas aos titulares de explotacións gandeiras, coa finalidade de fomentar a inscrición de reprodutoras no Rexistro Definitivo da raza Rubia Gallega.

Para poder ser beneficiario da subvención será preciso que as explotacións figuren inscritas na Asociación Nacional de Criadores de Gando Selecto Vacún de raza Rubia Gallega (ACRUGA), no Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega.

Estas axudas acóllense ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Base 2.- Réxime de concorrencia

As subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva a gandeiros da provincia de Lugo para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo no libro xenealóxico da raza rubia gallega nas explotacións da provincia de Lugo, no eixe de dinamización e potenciación da integridade da raza rubia galega nas explotacións lucenses, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3); articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia non competitiva. É un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico da produción gandeira (código sector económico A) é coa finalidade de promoción e defensa do sector gandeiro (código finalidade 12) enon existindo desigualdades de partida en relación aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 2).

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Existe concorrencia, pero non competitiva, posto que o importe anual de subvención, dividírase e repartírase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza.

Base 3.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Gallega inscritos no Libro Xenealóxico desta raza, xestionado por ACRUGA:

- Gandeiro/a individual
- Sociedades Agrarias de Transformación.
- Persoas xurídicas que ostenten a titularidade de explotacións.
- Comunidades de Bens e Sociedades Cívicas que sexan titulares de explotacións.

Nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada uno deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

Base 4.- Gastos subvencionables

Será subvencionable a inscrición de femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza (animal elixible), xestionado por ACRUGA, co compromiso do titular de explotación de **manter a reprodutora un mínimo de 24 meses na explotación**, agás causa de forza maior que terá que ser debidamente xustificada. En caso de incumprimento, o beneficiario estará obrigado a devolver a contía recibida.

A entidade colaboradora (ACRUGA) comprobará mediante verificación do rexistro do animal no Libro de Explotación oficial que cada gandería ten a obriga de cumprimentar atendendo á normativa legal existente (Real Decreto 1980/1998 e posteriores modificacións). No Libro de Explotación rexístranse os animais cos seus números de identificación individual, figurando a data de alta ou incorporación á explotación e a data de baixa en caso de venda ou morte do animal, podendo así verificar a permanencia do mesmo en unha determinada gandería.

En caso de incumprimento deste requisito, a entidade colaboradora será a encargada de executar a instrución de expediente de reintegro, daquelas cantidades percibidas polos animais obxecto de incumprimento, aos beneficiarios que non acataran a norma.

A entidade colaboradora deberá notificar e manter informada en todo momento á Deputación de Lugo dos incumprimentos detectados e procesos de devolución da axuda en execución e finalizados.

As axudas serán concedidas por animal elixible e ano, sendo animais elixibles aquelas femias de raza Rubia Gallega que pasen do rexistro de nacementos ao Rexistro Definitivo, e cumpran as seguintes condicións:

- Femias que proveñan do rexistro de nacementos.
- Que teñan acreditado como mínimo un parto antes dos tres anos e medio de idade (42 meses).
- Que superen unha cualificación lineal mínima (50 puntos).
- Que non posúan defectos ou caracteres eliminatorios.
- Que obteña un **resultado positivo de filiación** cos seus proxenitores (test de paternidade).

En ningún caso poderán ser beneficiarios, aqueles titulares de explotacións, mencionados na base terceira quen se atope nalgunha das circunstancias establecidas polo artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 5.- Contía da axuda e incompatibilidade con outras axudas

A contía global destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para o período 2019-2022 ascende a **800.000,00 €**, correspondendo a cantidade de **200.000,00€** para cada unha das anualidades (aplicación orzamentaria 4190.48900, do Plan Estratéxico de Subvencións.

A cantidade de axuda por femia inscrita no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega, será estipulada por anualidade, unha vez rematado o ano natural, en función do orzamento aprobado para cada

anualidade e o número total de animais que cumpran as condicións de elixibilidade, en cada ano natural, establecéndose unha **cantidade máxima** a percibir por animal elixible de 500 euros. O reparto realizarase segundo o previsto na base segunda.

As axudas serán compatibles cas aportacións económicas dos beneficiarios sempre e cando, as mencionadas aportacións non coincidan con ningún outro tipo de axuda económica que poida recibir o beneficiario para esta mesma finalidade, doutras administracións públicas.

Non existirá a posibilidade pagos anticipados ou aboamentos a conta das subvencións concedidas, a favor dos beneficiarios, e sen prexuízo de anticipos a entidade colaboradora, nos termos da base 11.

Estas axudas teñen a consideración de mínimos, Regulamento (UE) n.º 1408/2013 do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, sobre ás axudas de mínimos no sector agrícola, segundo o cal, o total de axudas de mínimos concedidas a unha persoa beneficiaria non poderá exceder de 15.000,00 euros brutos durante o exercicio fiscal en curso e os dous exercicios fiscais anteriores. Non obstante, si a contía das subvencións outorgadas neses exercicios, mais a concedida pola Deputación en base a presente convocatoria supera dita cifra, poderá concederse a axuda respecto á fracción que non superou o límite dos 15.000,00 €.

Base 6.- Carácter da subvención

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas previa instrución do procedemento a tal efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial e nas condicións establecidas nestas bases e, declarar a perda do dereito total ou parcial a percibir nos supostos de falta de xustificación. Igualmente procederá o reintegro da subvención percibida nos supostos previstos nestas bases. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en períodos posteriores ao 2019-2022, e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 7.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios da subvención terán os dereitos e obrigas conforme ao disposto no art. 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- 1) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, á entidade colaboradora (ACRUGA), no prazo máximo de dez días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- 2) Realizar a inscrición de animais que cumpran as condicións de elixibilidade no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega xestionado por ACRUGA, actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos destas bases e normativa aplicable.
- 3) Manter os animais (reses/femias) polos que se concede a axuda, na propia explotación durante un período mínimo de 24 meses, salvo causa de forza maior que será debidamente xustificada baixo informe veterinario e/ou organismo oficial.
- 4) Acreditar perante a entidade colaboradora (ACRUGA), a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda.
- 5) Someterse as actuacións de comprobación que efectúe ACRUGA e a Deputación de Lugo, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 6) Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- 7) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases e na normativa xeral de aplicación.
- 8) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de aprobación da conta xustificativa que se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e á Deputación de Lugo ou declaración responsable no caso de aqueles beneficiarios que sexan perceptores de cantidades inferiores a 3.000 euros.
- 9) Consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales e garantía dos dereitos dixitais.
- 10) Así mesmo deberá facerse constar expresamente a actividade de fomento da Deputación Provincial de Lugo en todos os medios utilizados para a divulgación das actuacións subvencionadas, ademais do cartel indicativo da mesma que será facilitado de maneira gratuíta pola Deputación de Lugo.

11) A cumprir as determinacións establecidas na seguinte normativa:

a) Lexislación que regula o Programa de Cría da raza Rubia Galega:

- **Regulamento (UE) 2016/1012** do Parlamento Europeo e do Consello, de 8 de xuño de 2016 relativo as condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo...
- **Regulamento de execución (UE) 2016/1012** do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos modelos de formularios de certificados zootécnicos para os animais reprodutores e o seu material reprodutivo.
- **Real Decreto 45/2019**, de 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos, reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, polo que se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os Reais Decretos 558/2001, de 25 de maio; 1316/1992, de 30 de outubro; 1438/1992, de 27 de novembro; y 1625/2011 de 14 de novembro.

b) Lexislación materia de identificación e rexistro do gando bovino (lexislación nacional):

- **Real Decreto 1980/1998**, de 18 de setembro polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.
- **Real Decreto 197/2000**, de 11 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 1980/1998, de 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.
- **Real Decreto 1377/2001**, de 7 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1980/1998, de 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.
- **Real Decreto 728/2007**, de 13 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.
- **Real Decreto 1835/2008**, de 8 de novembro, polo que se modifica o Real Decreto 1980/1998, de 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

Base 8.- Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polos beneficiarios.

O prazo de presentación de solicitudes poderá efectuarse por anualidade, durante todo o ano natural, a partir da publicación das presentes bases de convocatoria, no BOP da provincia de Lugo. As bases estarán publicadas tamén na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.org) e na páxina web de ACRUGA (www.acruga.com).

Os interesados deberán solicitar a subvención formalizándose no impreso normalizado establecido ao efecto, que estará a disposición dos usuarios nas oficinas da entidade colaboradora (ACRUGA) e/ou páxina principal da Web da mesma (www.acruga.com).

A solicitude deberá presentarse nas oficinas da entidade colaboradora (ACRUGA) dentro do ano natural correspondente, e como máximo ata o 10 de Xaneiro da seguinte anualidade.

A solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1) Copia do NIF do solicitante.
- 2) No caso de persoas xurídicas, Comunidades de Bens, SATs e Sociedades Cívís, copia do CIF. e dos seus estatutos e/ ou escritura de constitución da sociedade, xunto co documento que acredite quen ostenta a representatividade da mesma.
- 3) Documentación acreditativa de ser o titular ou representante legal da explotación gandeira (copia do libro de explotación, copia da folla de saneamento gandeiro, copia notificación oficial da inscrición no REGA, informe ou certificado expedido pola entidade competente que acredite que o solicitante é titular dunha explotación agrícola ou gandeira inscrita no REGA).
- 4) Declaración responsable de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, sobre ás axudas de mínimos no sector gandeiro, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013, e o deber de respectalas; especialmente a obriga de que as subvencións mínimas concedidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e o presente non superen os 15.000,00 euros.

No caso de ter recibido ou solicitado axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente exercicio fiscal convocadas por outras Administracións públicas, Unión Europea ou outras entidades, a declaración responsable deberá especificar o importe total, convocatoria a que se acolleu o solicitante, Organismo ou entidade convocante ou concedente, importe concedido ou solicitado e ano.

- 5) Declaración responsable do titular ou representante legal de non ter solicitado nin recibido subvencións doutras administracións públicas para esta mesma finalidade (obxecto de subvención).
- 6) Declaración responsable do titular ou do representante legal da entidade solicitante, de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. nin para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade.
- 7) Certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial, para aqueles beneficiarios que teñan concedida unha cantidade superior aos 3.000 euros. No resto de casos, declaración responsable do beneficiario conforme está ao corrente no cumprimento das obrigas. Non entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización do representante da entidade.
- 8) Declaración responsable do titular ou representante da entidade de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. (nos supostos de asociacións sen personalidade xurídica propia (C.B. e Sociedades Cívicas) esta declaración deberá ser asinada por todos os membros da mesma)
- 9) Declaración responsable do solicitante da axuda de atoparse facultado/a para actuar en nome da entidade que representa para solicitar a axuda, de conformidade aos acordos adoptados polos socios da mesma.

Base 9.- Instrución do procedemento

- 1) A entidade colaboradora, ACRUGA, será a responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisará as solicitudes presentadas e verificará que conteñan a documentación esixida na base 8. Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante, para que no prazo de dez días naturais aporte a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, facéndolle saber que no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución emitida polo Presidente de ACRUGA.
- 2) O proceso de avaliación da documentación xustificativa do cumprimento das actuacións subvencionables será efectuado polo persoal técnico de ACRUGA (actuando colexiadamente), entidade colaboradora da Deputación de Lugo para a xestión desta axuda. Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante, para que no prazo de dez días naturais aporte a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, facéndolle saber que no caso contrario, terase por desistido da súa petición, previa resolución emitida polo Presidente de ACRUGA.

Base 10. Resolución de concesión das axudas

O persoal técnico da entidade colaboradora (ACRUGA) verificará o cumprimento das condicións por parte dos solicitantes e formulará proposta de resolución á Xunta Directiva de ACRUGA, previa valoración das solicitudes admitidas e animais validados.

A proposta de resolución deberá reflectir a relación de solicitantes aos que se lles concederá a axuda así como a relación de solicitudes rexeitadas e os motivos da desestimación.

A resolución de concesión das axudas por parte da Xunta Directiva, será obxecto de notificación por medio de publicación na páxina Web de ACRUGA (www.acruga.com)

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de dous meses (ata o 10 de Marzo), contados a partir do seguinte ao da conclusión do prazo establecido para presentar as solicitudes (10 de Xaneiro). No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11.- Concesión de anticipo.

A Deputación de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado de ata o 50% do importe subvencionado de cada ano (non se efectuará o pago anticipado do 50% da anualidade correspondente ata que non estea aprobada a conta xustificativa correspondente das anualidades anteriores), á entidade colaboradora (ACRUGA) que xestionará a presente axuda, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar os pagos aos beneficiarios, de conformidade co artigo 34.4 dalei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ao establecer que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Para o aboamento do devandito anticipo, a entidade colaboradora deberá achegar a correspondente solicitude e declaración responsable do representante de ACRUGA e/ou documentación acreditativa da dificultade de crédito para a realización dos pagamentos aos beneficiarios.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade colaboradora deberá achegar a seguinte documentación:

·Solicitude do anticipo.

·Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

·Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

·Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

·Detalle do nivel de execución do gasto, en función das altas rexistradas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega.

Base 12.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Base 13.- Prazo de execución das actuacións

O prazo máximo de execución das actuacións subvencionables, por parte dos beneficiarios, será o 31 de Decembro para cada unha das anualidades comprendidas no período subvencionable: 2019-2022.

O prazo máximo de presentación da conta xustificativa por parte da entidade colaboradora (ACRUGA) ante a Deputación de Lugo será o 30 de Abril de cada anualidade.

Base 14.- Xustificación das subvencións, prazos de xustificación e reducións

14.1. Os beneficiarios da subvención, deberán xustificar a alta da femia reproductora de raza bovina pura rubia gallega na explotación, ca condición de gasto elixible, e aportar a documentación necesaria para a xustificación, dende o 1 de Decembro de cada anualidade ao 10 de Xaneiro da anualidade seguinte.

Os beneficiarios deberán presentar ante a entidade colaboradora (ACRUGA) a seguinte documentación xustificativa:

- Relación dos animais para os pide a axuda prevista nestas bases, identificándose polo seu número de Crotal e alta no libro da explotación.
- Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.
- Declaración responsable do titular ou do representante da entidade de ser coñecedor de que a subvención se atopa acollida ao Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013, e o deber de respectalos, especialmente a obrigación de que as subvencións mínimos concedidas durante os dous exercicios fiscais anteriores e o presente non superen os 15.000,00 euros.
- No caso de ter recibido ou solicitado axudas de mínimos nos dous exercicios fiscais anteriores e no presente exercicio fiscal convocadas por outras Administracións públicas, Unión Europea ou outras entidades, a declaración responsable deberá especificar o importe total, convocatoria a que se acolleu o solicitante, Organismo ou entidade convocante ou concedente, importe concedido ou solicitado e ano.
- Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a actuación subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial, e mostra fotográfica da súa colocación, segundo modelo normalizado. Colocarase un cartel por explotación beneficiaria, en estancia física visible.
- Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial para aqueles beneficiarios que teñan concedida unha cantidade superior aos 3.000 euros. No resto de casos, declaración responsable do beneficiario conforme está ao corrente no cumprimento das obrigas.
- Non entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para este efecto os beneficiarios poderán acompañar a correspondente autorización dos titulares de explotación e/ou representantes das entidades xurídicas.
- Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro.
- Documento acreditativo da conta bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

- o Declaración responsable de manter na explotación a reproductora obxecto de axuda durante un período mínimo de 24 meses.
- o Debe xuntarse copia do libro da explotación ao fin de comprobar a alta do animal (femia) e a súa permanencia na explotación durante 24 meses.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a xustificación das actuacións fose presentada ante ACRUGA, ésta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días sexa presentada.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

A entidade colaboradora (ACRUGA) revisará o cumprimento das actuacións e a documentación xustificativa antes do 10 de Marzo da anualidade seguinte á finalización do ano natural de actuacións, emitindo unha certificación asinada polo representante de ACRUGA, na que se relacionen tódolos beneficiarios que teñen dereito á axuda, nif, relación de animais, data de alta na explotación, data de inscrición no libro rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega, cos respectivos importes a recibir. Nesta certificación farase constar o cumprimento das condicións estipuladas nas bases. Esta certificación será enviada á Deputación Provincial de Lugo, para a súa revisión e posterior **autorización** para os pagos aos beneficiarios que materializará ACRUGA, antes do 15 de marzo (acompañada da documentación xustificativa sinalada nesta base 14.1). A resolución de autorización será emitida pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo e enviada a ACRUGA antes do 15 de Abril de cada ano, fixándose así un prazo de 14 días naturais para que a entidade colaboradora poida efectuar os pagos aos beneficiarios.

14.2. A conta xustificativa final, a presentar pola ACRUGA, será enviada á Deputación de Lugo antes do 30 de Abril da anualidade seguinte á finalización do ano natural de actuacións.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requirirá a ACRUGA para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada.

A falta de presentación da conta xustificativa levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O importe total que deberá xustificarse será igual ó orzamento que consta no correspondente expediente da petición, por cada beneficiario, e consecuentemente pola suma de todos eles.

A Conta Xustificativa das subvencións presentaranse na Deputación de Lugo coa seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa sobre o cumprimento das actuacións e nivel de logros acadado, incluíndo certificación asinada polo representante de ACRUGA na que se integre unha relación de beneficiarios da axuda e importes pagados. Nesta memoria incluírase o número de peticións existentes, as validadas e as rexeitadas, coa súa correspondente xustificación.
- b) Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (beneficiario, nif, relación de animais, importe, data de alta do animal na explotación, data de inscrición desa femia no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega) coa data de pagamento aos beneficiarios.
- c) Documentos acreditativos (transferencia bancaria) do pagamento aos beneficiarios, debidamente selados pola entidade bancaria.
- d) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) conforme a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
- e) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.
- f) Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a instalación da entidade beneficiaria do cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial. Tamén se debe colocar cartel identificativo e acreditarse na sede de ACRUGA, indicando a condición de entidade colaboradora neste eixe de fomento.
- g) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial por parte de ACRUGA.
- h) Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro, da entidade colaboradora.
- i) Certificación da conta bancaria expedida pola entidade bancaria a que se transferirá o importe dos fondos xestionados e xustificados pola ACRUGA en relación con esta acción de fomento.

- j) No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, a entidade colaboradora, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, por parte desta entidade. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a ésta.

Base 15.- Pago da subvención.

O pago da subvención aos beneficiarios será realizado por parte da entidade colaboradora (ACRUGA), mediante transferencia bancaria, previa xustificación da realización das actuacións para as que se concedeu e da autorización correspondente dos servizos e/ou órganos da Deputación Provincial. Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O pago da axuda á entidade colaboradora (ACRUGA) realizarase mediante transferencia bancaria, previa entrega da conta xustificativa e informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa, conforme ao previsto no apartado 14.2 precedente.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Base 16.- Plan de Auditoría Anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 17.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial do importe da axuda máis os xuros de demora producidos desde o momento da notificación da obriga de reembolso, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II, Do reintegro de subvencións da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005, e normativa de aplicación.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases e á propia entidade colaboradora, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003.

Base 18.- Protección de datos

A Deputación de Lugo e a entidade colaboradora (ACRUGA) velarán polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que atermos ao disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente

Base 19.- Sistema de recursos.

Contra as resolucións administrativas e actos administrativos e trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos interese lexítimos poderanse interpoñer os recursos administrativos establecidos na Lei 9/2015 en relación co artigo 52 da LBRL, e sen prexuízo de acudir a vía contenciosa-administrativa nos casos en que proceda.

Base 20.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) nº 1408/2013, de la Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 del Tratado de Funcionamento da Unión Europea as axudas de mínimos no sector agrícola

Disposición Adicional Primeira. As declaracións responsables previstas nestas bases surtirán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición Adicional Segunda. ACRUGA entidade colaboradora.

ACRUGA actúa como entidade colaboradora da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do previsto nos artigos 16 da LXS e artigo 13 da LSG, a fin de entregar e distribuír os fondos públicos destinados ao eixe de fomento da Deputación Provincial de Lugo para promoción e potenciación de reproductoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia gallega, nas explotacións da provincia de Lugo, por conta órgano concedente da axuda (artigo 12 da LXS e 9 da LSG). A estes efectos apróbase convenio con ACRUGA para instrumentar a categoría de entidade colaboradora.

Lugo, 10 de xuño de 2019, O Presidente en funcións – P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1691

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

ASIGNACIÓN NOVA DEDICACIÓN PARCIAL

Dando cumprimento ao disposto no art. 75.5 , da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria de data 07 de febreiro de 2019, adoptouse o seguinte acordo sobre determinación das retribucións dos membros da Corporación

PRIMEIRO: Suprimir a dedicación parcial outorgada no seu día a D^a Patricia Otero Rodríguez nas seguintes condicións: ½ xornada laboral (17,5 horas/semana). 14 pagas anuais de 1.000,00 €.

SEGUNDO. Aprobar unha nova dedicación parcial a favor concelleira delegada: D. Noelia María Ben Vázquez - membro da Xunta de Goberno Local- concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente; Muller e Igualdade e Servizos Sociais, en particular, as seguintes materias: Dedicación Parcial 1/2 xornada laboral (17,5 horas/semana). 14 pagas anuais de 1.000,00 €.

TERCEIRO. O réxime de dedicación mínima ás tarefas municipais como concelleiros delegados requirirá a presenza no Concello dun cuarto de xornada laboral, sen prexuízo das viaxes oficiais que foran necesarias para o desempeño das funcións inherentes ao seu cargo.

CUARTO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Burela, 11 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García

R. 1709

*Anuncio***DECRETO DA ALCALDÍA ORGANIZATIVO Nº 2019-0062**

Para os efectos previstos no artigo 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise público, a través do Boletín Oficial da provincia de Lugo que o alcalde, en data 28 de xaneiro de 2019 ditou o Decreto de Alcaldía 2019-0062 sobre delegacións nos concelleiros nos termos que se indican a continuación:

Decreto de Alcaldía**Expediente N.º:** 1193/2015**Procedemento:** Decretos Organizativos**Data de iniciación:** 17 de xuño de 2015**DECRETO DE ALCALDÍA**

Unha vez celebradas as eleccións locais, o 24/05/2015, convocadas por Real decreto 233/2015, de 30 de marzo, e constituído o novo Concello, resulta necesario establecer a nova organización municipal.

Tendo en conta os cambios xurdidos na composición do grupo municipal do PSdeG-PSOE dende o comezo do actual mandato.

Ao abeiro do disposto nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Modificar as seguintes delegacións xenéricas, a prol dos membros da Xunta de Goberno Local que se indican, nos seguintes termos:

1. Desígnase a Ramiro Fernández Rey -membro da Xunta de Goberno Local- concelleiro-delegado da Área de Obras, Servizos, Deportes; Comercio e Turismo, en particular, as seguintes materias:

- Obras municipais.
- Servizos municipais (iluminación pública, limpeza viaria, xardíns...).
- Promoción e colaboración co deporte
- Comercio e empresa
- Turismo local
- Playas

2. Desígnase a José Díaz García -membro da Xunta de Goberno Local- concelleiro-delegado da Área de Cultura, Xuventude, Educación, Sanidade e Mar e en particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes:

- Cultura
- Cultura popular
- Patrimonio histórico
- Ocupación e tempo libre
- Educación
- Sanidade
- Mar

3. Desígnase a Noelia María Ben Vázquez -membro da Xunta de Goberno Local- concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente; Muller e Igualdade e Servizos Sociais, en particular, as seguintes materias:

- Servizos medioambientais.
- Expedientes de natureza medioambiental.
- Muller e igualdade.
- Coordinación servizos sociais

A delegación xenéricas da Área de Obras, Servizos, Deportes; Comercio e Turismo, da e da Área de Cultura, Xuventude, Educación e Sanidade conlevan, ademais da inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un

expediente no ámbito da correspondente delegación, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O resto de delegacións xenéricas conlevan soamente a inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, sen comprender a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO. Modificar ás seguintes delegacións especiais para un determinado servizo/s, nos seguintes termos:

- Designase a Angélica Gómez Sánchez concelleira-delegada especial de Cooperación e Inmigración.
- Designase a Carmen Edith Ángeles Chumacero concelleira-delegada especial de Protección Civil e Coordinación de Axudas sociais.
- Designase a Manuel José Fernández Rodríguez concelleiro-delegado especial de Servizos de axuda no fogar e Benestar Social.

Estas delegacións especiais abranguen a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, nin ningunha outra.

Asemade, a concelleiro/a que ostente unha delegación xenérica (de área) terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais que se encadren na súa área.

TERCEIRO. As delegacións conferidas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe ao alcalde como competencias indelegables, así como das delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

CUARTO. Quedan superadas as resolucións preexistentes nas que o anterior alcalde delegou competencias en membros da Xunta de Goberno Local e mais noutros membros da Corporación.

QUINTO. Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificándose persoalmente aos concelleiros designados segundo dispón o artigo 114.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución, conforme se indica no artigo 44 do ROF".

Burela, 11 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1710

LUGO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e tres de maio de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

15/330 INFORME PROPOSTA CESIÓN DE USO PISO PROPIEDAD MUNICIPAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Servizos Sociais, do 14 de maio de 2019 que, na súa parte expositiva, fai constar:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de xuño de 2006, acordou autorizar o uso en precario do inmovible de titularidade municipal sito en Camiño da Roca, piso segundo, bloque 3 portal C á entidade Cruz Vermella de Lugo para a prestación do servizo de Acollida a migrantes.

Segundo.- A asociación Cruz Roja Española CIF Q2866001G presenta un escrito no que manifesta que nos últimos anos descendeu o número de persoas susceptibles de ser acollidos en dito piso e polo contrario se elevou o colectivo de persoas sen fogar e presenta ofrecemento formal no que insta a modificación da cesión do inmovible municipal para adicalo a acollida de persoas sen fogar e que teñan iniciado ou se comprometan a un itinerario de inserción social, considerando necesario dispor dun aloxamento alternativo que, baixo supervisión técnica, ofrezca asistencia orientada ao desenvolvemento da autonomía persoal e integración social das persoas sen fogar.

Terceiro.- O Concello de Lugo dispón dun inmovible sito en Camiño da Roca 3 esc 3 planta 2º C referencia catastral 7843409PH1674S 0053, autorizado, uso en precario, a entidade Cruz Vermella de Lugo para a prestación do servizo de Acollida a migrantes.

En consecuencia e dada a necesidade de dar resposta ás necesidades de aloxamento ás persoas sen fogar, tendo en conta o escrito da entidade de referencia para o desenvolvemento do proxecto que o Concello considera de

marcado interese municipal, así estase a conceder de forma directa e a través de subvención prevista nominativamente no orzamento xeral municipal unha subvención para financiar parcialmente actuacións específicas co colectivo de transeúntes e persoas sen fogar.

No referente á competencia para a resolución deste expediente enténdese que corresponde á Xunta de Goberno Local, conforme o acordo de delegación de competencias 4/455, segundo o cal a Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións correspondentes g) concesión ou permisos para usos privativos de bens de dominio público e de instalacións municipais, atribucións que se entenden equiparables a figura de cesión que se está a tramitar polo exposto.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: o Ilmo. Sr. segundo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, en funcións de Alcalde (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas (GMS),

ACORDA:

PRIMEIRO.- O inicio de expediente de autorización de uso gratuito en precario do inmovible de titularidade municipal sito en Camiño da Roca, 3, esc. 3, planta 2º C con referencia catastral 7843409PH1674S 0053, á entidade CRUZ ROJA ESPAÑOLA Q2866001G para o desenvolvemento do proxecto consistente na ACOLLIDA TEMPORAL DE PERSOAS SEN FOGAR. O obxectivo é mellorar a situación das persoas sen fogar, dende unha perspectiva de atención integral, con supervisión técnica e asistencia orientada ao desenvolvemento da autonomía persoal e integración social das persoas sen fogar, de conformidade coas seguintes condicións:

1.- DURACIÓN

UN ANO prorrogable ata un máximo de 5 anos, transcorrido o prazo e as súas prórrogas dende a Concellería de Benestar Social estudariase, segundo as necesidades, a posibilidade dunha nova autorización.

A solicitude de prórroga farase por parte da entidade cunha antelación mínima de dous meses á data de finalización do acordo ou das súas prórrogas.

2.- CONDICIÓN DE USO E OBRIGAS DA ASOCIACIÓN

2.1.- A entidade CRUZ ROJA comprométese a utilizar o piso exclusivamente para o desenvolvemento do servizo de “ACOLLIDA TEMPORAL DE PERSOAS SEN FOGAR” co obxectivo de mellorar a situación das persoas sen fogar dende unha perspectiva de atención integral.

Os criterios de selección por parte da entidade das persoas beneficiarias do proxecto haberá de someterse ós principios de igualdade e non discriminación.

2.2.- A entidade CRUZ ROJA non poderá modificar o uso nin realizar sobre todo ou parte da vivenda ningún acto de disposición, incluído o arrendamento, ou calquera outra forma de cesión de uso, sen que poida ser utilizada por persoas alleas á asociación. O incumprimento de calquera destas obrigas será causa de resolución do presente contrato.

2.3.- A entidade CRUZ ROJA non poderá realizar nos locais cedidos, nin sobre os bens mobles ningún tipo de obra ou actuación sen a expresa autorización do Concello de Lugo. As obras ou actuacións quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización. Obrígase a conservar dilixentemente a vivenda, instalacións e servizos, e serán da súa conta as reparacións que sexan necesarias a tal fin e que deban realizarse como consecuencia do seu uso.

2.4.- A entidade CRUZ ROJA estará obrigada ó mantemento e conservación dilixente de todo o inmovible, como tamén do mobiliario existente responderá dos estragos que poidan ocasionar os seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, levando a cabo de maneira inmediata e ó seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

Así mesmo, a entidade responsabilizarase directamente dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados polos seus membros e persoas usuarias, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.

2.5.- No interior do inmovible cedido e dentro do respecto á autonomía da entidade, non se realizarán actividades que infrinxan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera feito de carácter violento ou que atente contra a dignidade persoal ou discrimine a individuos ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Ademais diso na vivenda non poderán realizarse actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

2.6.- A entidade CRUZ ROJA tamén estará obrigada a:

- a) Destinar o espazo cedido ós fins propios da entidade, realizando o seu programa de actividades comunicándolle ó Concello calquera variación.
- b) Achegar o persoal suficiente para o bo funcionamento do programa.
- c) Mantemento, organización e xestión para o bo funcionamento do servizo.
- d) Facer a selección, valoracións e derivacións das persoas usuarias.
- e) Realización de actividades destinadas á prevención, intervención social, adquisición de habilidades e capacidades, busca activa de emprego, formación .. destinadas ó dito colectivo.
- f) Colaboración e coordinación co persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello e atención de posibles derivacións.
- f) Non ceder a terceiros o uso do espazo que lle foi atribuído.
- g) Comunicarlle ó Concello de Lugo calquera anomalía, incidencia ou problema que poida xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- h) Reverterlle ó Concello de Lugo, unha vez extinguido ou resolto o acordo de cesión, o uso do antedito inmovible xunto co equipamento que contén en perfecto estado, agás o desgaste sufrido polo uso.
- i) Permitirlle en todo momento ó Concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto á vixilancia do cumprimento deste convenio facilitando o acceso ós diversos espazos e proporcionando a información e documentación que sexa requerida no tocante ó cumprimento do programa ou actividade.
- j) A observar dentro da vivenda as normas de conduta que esixe a convivencia entre a veciñanza, así como a cumprir as normas que rexan na comunidade da que forman parte.

2.7.- A entidade CRUZ ROJA obrígase a dar de alta ó seu nome a asumir os gastos que se produzan pola subministracións de auga, luz, gas, teléfono e cantos outros servizos se cheguen a instalar na vivenda. Así mesmo, correrá pola súa conta o importe dos gastos da comunidade da que forma parte a vivenda.

Ningún destes gastos se poderá considerar, de xeito ningún, como pagamento dunha renda.

3.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DA CESIÓN DE USO

O local obxecto de cesión por parte do Concello cedese en precario, en caso de necesidade, o Concello poderá dispoñer do local citado, comunicándollo con tempo suficiente á entidade CRUZ ROJA para que o deixe en condicións axeitadas de uso.

Serán causas de extinción da cesión do uso as seguintes:

- a) Por finalización do seu tempo inicial de autorización ou das súas prórrogas.
- b) Por mutuo acordo entre as partes.
- c) Por renuncia da entidade ou por falla de utilización efectiva dos espazos cedidos ou incumprimento do programa obxecto deste contrato.
- d) Por incumprimento de calquera das condicións pactadas neste documento.

A extinción da cesión o da autorización do uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade afectada a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

SEGUNDO.- Considérase axeitado que o procedemento de cesión se realice conforme o establecido no capítulo V, **artigos 109 e seguintes**, do Regulamento de bens das entidades locais, o cal establece a posibilidade de alleamento de bens patrimoniais cando se realice a entidades públicas ou privadas, sen ánimo de lucro e que a actividade que se exercite beneficie ós habitantes do municipio, en consecuencia con base no principio “del que puede lo más, puede lo menos”, e aínda que a norma non fala nos termos de cesión de uso considérase axeitado que o procedemento de cesión en precario se realice conforme o establecido na norma antedita.

TERCEIRO.- Someter este expediente a información pública por un prazo de 20 días hábiles mediante inserción de anuncios no BOP de Lugo e no Taboleiro de Edictos do Concello de Lugo para que examinado o expediente calquera persoa interesada poida realizar reclamacións e as alegacións que estime oportunas. En ausencia de alegacións entenderase definitivamente aprobado o expediente.

Lugo, 06 de xuño de 2019.- A Tenenta de Alcalde-Área de cultura, turismo, xuventude e promoción da lingua, María Carmen Basadre Vázquez.

TRABADA*Anuncio*

Informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas a Conta Xeral deste Concello correspondiente ao exercicio 2018 , dando cumprimento ao establecido no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , queda exposta ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de 15 días aos efectos de que, durante dito prazo e 8 días máis, os interesados poidan examinala e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Trabada, 6 de xuño de 2019.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1664

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 1 ÁVILA***Anuncio*

D/Dª MARIA JESUS MARTÍN CHICO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de AVILA, HAGO SABER:

Que en el procedimiento DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000202 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/Dª JULIO BLAZQUEZ SAN ROMAN contra la empresa SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente sentencia, cuyo fallo se adjunta:

FALLO

Que estimando como estimo la demanda formulada por la parte actora, DON JULIO BLÁZQUEZ SAN ROMÁN, contra la parte demandada, la empresa SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS, S.L., sobre despido, debo declarar y declaro la improcedencia del llevado a cabo y la extinción de la relación laboral que unía a las partes, condenando a la parte demandada a que indemnice a la parte actora en la cantidad de 1.718´61 Euros y a que la abone los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta el día de hoy a razón de 44´64 Euros brutos diarios.

Contra esta Sentencia cabe Recurso de Suplicación, que deberá anunciarse dentro de los cinco días siguientes a la notificación, por comparecencia o por escrito de las partes, su abogado o representante, designando el Letrado que habrá de interponerlo. Siendo posible el anuncio por la mera manifestación de aquellos al ser notificados. La empresa deberá al mismo tiempo acreditar haber consignado el importe de la condena en la cuenta de este Juzgado, abierta en el Banco Santander, denominada "Depósitos y Consignaciones", Nº 0293, pudiendo sustituirse por aseguramiento mediante aval bancario, constando la responsabilidad solidaria del avalista; más otra cantidad de 300 Euros en la misma cuenta y en impreso separado del importe de la condena. Mientras dure la tramitación del Recurso, viene obligada a abonar al trabajador los salarios que venía percibiendo antes del despido y el trabajador continuará prestando sus servicios; salvo que el empresario prefiera realizar el pago sin recibir contraprestación alguna.

Así por esta mi Sentencia, juzgando, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que sirva de notificación en legal forma a SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y de Ávila.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

AVILA, a veintiocho de mayo de dos mil diecinueve. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1623

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 24 DE MAIO DE 2019, POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DA ACCIÓN DE FOMENTO PARA DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA

NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES: SUBVENCIÓN DESTINADA Á PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓX

BDNS (Identif.): 460577

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvención cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarios

- Gandeiro/a individual
- Sociedades Agrarias de Transformación.
- Persoas xurídicas que ostenten a titularidade de explotacións.
- Comunidades de Bens e Sociedades Cívicas que sexan titulares de explotacións.

Nestes casos, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada uno deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

Segundo.- Obxecto

As bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva dentro da acción de fomento eixe 2 sobre a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, destinadas aos titulares de explotaciónsgandeiras, coa finalidade de fomentar a inscrición de reprodutoras no Rexistro Definitivo da raza Rubia Gallega.

Para poder ser beneficiario da subvención será preciso que as explotacións figuren inscritas na Asociación Nacional de Criadores de Gando Selecto Vacún de raza Rubia Gallega (ACRUGA), no Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega.

Estas axudas están suxeitas ao establecido no Regulamento (UE) nº 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sobre réxime de axudas de mínimos no sector agrícola, publicado no Diario Oficial da Unión Europea Serie L número 352 do 24 de decembro de 2013.

Terceiro.- Bases reguladoras

A ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, esta accesible na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

A convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinada a persoas titulares de explotacións gandeiras, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses, eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, é accesible en:

http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/axudas_rubia_galega_2019

Cuarto.- Contía e importe máximo

A contía global destinada a esta actuación de fomento (eixe 2) incluída no orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o período 2019-2022 ascende a 800.000,00 €, correspondendo a cantidade de 200.000,00 € para cada unha das anualidades.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes poderá efectuarse por anualidade, durante todo o ano natural, a partir da publicación das presentes bases de convocatoria, no BOP da provincia de Lugo. As bases estarán publicadas tamén na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.org) e na páxina web de ACRUGA (www.acruga.com).

Os interesados deberán solicitar a subvención formalizándose no impreso normalizado establecido ao efecto, que estará a disposición dos usuarios nas oficinas da entidade colaboradora (ACRUGA) e/ou páxina principal da Web da mesma (www.acruga.com).

A solicitude deberá presentarse nas oficinas da entidade colaboradora (ACRUGA) dentro do ano natural correspondente, e como máximo ata o 10 de Xaneiro da seguinte anualidade.

Sexto.- Convenio con entidade colaboradora

Existe convenio coa entidade colaboradora ACRUGA, ao abeiro dos art. 12 e concordantes da Lei Xeral de Subvencións e 9 da Lei Subvencións de Galicia, de forma que entregue e distribúa os fondos da Deputación para este eixe 2 da acción de fomento por conta do órgano concedente, a Deputación Provincial.

Lugo, 7 de xuño de 2019.- O presidente en funcións P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1670

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - CERVO*Anuncio*

Extracto del decreto de alcaldía por el que se aprueban las bases reguladoras para la convocatoria de ayudas a través de incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena, por el procedimiento de concurrencia no competitiva.

BDNS(Identif.): 460326

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Objeto y finalidad de las ayudas.

El objeto de esta convocatoria es facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en el Obradoiro dual de Emprego Sendas de Burela, Cervo y Xove V, financiado a través de la convocatoria de 2018 de ayudas y subvenciones a talleres duales de empleo por la Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral perteneciente a la Consellería de Economía, Emprego e Industria de la Xunta de Galicia.

Segundo. Beneficiarias/os.

Las personas empleadoras y las empresas cuya actividad este directamente relacionada con la formación impartida en los talleres duales de empleo, y que contraten trabajadoras/es por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial del Obradoiro dual de Emprego Sendas de Burela, Cervo e Xove V.

Tercero. Crédito presupuestario y cuantía de la ayuda.

La aplicación presupuestaria a la que se imputarán estas ayudas es la 241/470.00 "Subvenciones fomento empleo OOEE", con un crédito máximo para esta convocatoria de 19.500,00€.

Los contratos temporales se incentivarán con una subvención fija de 1.500€ por cada trabajador/a, correspondiente a un contrato mínimo de 3 meses a jornada completa.

Cuarto. Lugar y plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes se presentarán en el registro general del Concello de Cervo, en el plazo de 1 mes a contar desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, realizado a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Cervo, 5 de junio de 2019.- El alcalde en funciones, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1667

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente número: A/27/22071

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Regantes de Villafrial

Nombre del río o corriente: Regueiros do Pacio y de Rumián

Caudal solicitado: 0,3 l/seg.

Punto de emplazamiento: Villafrial

Término Municipal y Provincia: Cervantes (Lugo)

Destino: Riego de las parcelas 44, 45, 101 y 103 del polígono 16

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Azud, canales excavados en el terreno y estanque de acumulación de aguas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Cervantes** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 14 de mayo de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 1484